

# AS NOSAS MÚSICAS FALAN GALEGO!

A ILUSTRADORA E MÚSICA LAURA ROMERO XUNTA, EN AS NOSAS MÚSICAS FALAN GALEGO!, O PROXECTO DE VISIBILIZACIÓN DAS MULLERES DO PANORAMA MUSICAL GALEGO MÚSICAS GALEGAS ILUSTRADAS, A NORMALIZACIÓN E PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA E O DEBUXO EN DIRECTO.

Trátase da primeira actividade onde **Músicas Galegas Ilustradas** pon o foco exclusivamente nos proxectos musicais galegos e en galego, sen perder a perspectiva de xénero. Se ben é certo que a iniciativa non xurdira, alá no 2017, con esa intención, senón a de visibilizar ás mulleres que fan música na actualidade dentro da nosa xeografía (independentemente do idioma), é importante destacar a todas elas que escollen o galego para a súas creacións.

As nosas músicas falan galego! descúbrenos o nexo, a modo de anecdotario narrado, entre grupos e solistas actuais, tales coma Tanxugueiras, Sés, MJ Pérez, A Banda da Loba, Flow do Toxo ou High Paw, e pioneiras que abriron camiño na nosa música ao longo do século pasado. Mulleres pioneiras que, aínda hoxe, seguen a ser descoñecidas para moita xente.

## A ACTIVIDADE.

A actividade combina narración oral e ilustración en directo. A narración fai un percorrido, a modo de anecdotario, por diferentes historias de músicas pioneiras e músicas actuais que gardan relación en canto a estilo. Paralelamente, sobre o cabalete, vai xurdindo unha ilustración que acompaña ao faladoiro.

## A QUEN VAI DIRIXIDA.

As nosas músicas falan galego! é unha actividade educativa e lúdica dirixida en especial aos mozos e mozas de Educación Secundaria, pero apto tamén para alumnado de 5º e 6º de Primaria, e incluso para público xeral.



## O ESPAZO.

É recomendable emprazar a actividade nunha aula, salón de actos ou recinto similar que non sexa moi amplo. A actividade non está pensada para grandes espazos, polos recursos técnicos e tamén para que todo o público asistente vexa ben a ilustración (que ten aproximadamente 1m de ancho).

## A EXPOSICIÓN DIDÁCTICA.

O centro dispoñerá dunha pequena tirada de láminas en A4 relacionadas coas músicas protagonistas da narración para uso exclusivamente didáctico (dentro do centro ou nas redes e web do mesmo). Serán un total de 25 láminas a cor en papel estucado.

**Nota:** a expo é parte da actividade, non hai que devolvela despois!